

## **Proxecto de traballo para adolescentes e pre-adolescentes:**

### **Que é unha regueifa?**

Temporalización: Na aula: de 3 sesións de 50 minutos.

### **Recursos:**

- Videos de regueifas. Debemos guiar aos alumnos para decidir uns CRITERIOS de OBSERVACIÓN.
- Partituras para a análise rítmica e melódica das pezas escoitadas previamente: dependendo do grupo, podemos pedir que intenten escribirla a partir da súa escoita (como actividade preparatoria). Podemos estudar eses modelos (chamados tamén “motivos rítmicos”, “melódicos” ou “melódico-rítmicos”).
- Follas en branco, papel pautado (pentagrama) e lápiz.

### **Desenvolvemento:**

A partires dun ritmo concreto ou dunha inflexión melódica dada (que observamos no video e escribimos na partitura)... Ou poden estar feitas por eles (como forma de creación propia) ou obtela de escoitar e observar esas regueifas en AUDIO ou en medios AUDIOVISUAIS (crear a partir de modelos).

Podemos regueifear co obxectivo de traballar a improvisación rítmica e melódica.

O mestre ten que decidir, segundo o grupo, por onde empezar: se o grupo é moi inhibido ou pouco participativo é aconsellable darlles un modelo atractivo e sinxelo, se o grupo é moi aberto e dinámico, podemos proceder ao revés...

A actividade pode ser en pequenos grupos ou individual, e o resto do grupo debe avaliar a actuación dos compañeiros, en base a uns CRITERIOS DE AVALIACIÓN que antes deben estar consensuados e aceptados por todos.